

## **Mentres os teus ollos...<sup>1</sup>**

*Para Ana*

Mentres os teus ollos iluminen  
o meu torpe camiñar, perdido e derrotado;  
mentres no medio da manda entolecida  
a túa voz se alce -sempre triunfante-;  
mentres o teu olor penetre  
nas miñas entrañas,  
abríndoas dun lado ao outro  
para acoller alí a dor e a esperanza;  
mentres o teu corpo descanse sobre o meu,  
concedéndolle a grazia da paz  
a pesar de todos os fracasos...

Ti, e só ti, serás pan tenro que alimente  
os meus amencerces cotiáns,  
resío que refresque os meus abrollos e desertos,  
clara luz que me rescate dos naufraxios da Historia  
para levarme, ao fin,  
á vitoria da eterna primavera.

---

<sup>1</sup> Este texto foi publicado orixinalmente no blogue [Abrentes](#), 3 de maio, 2019. Está suxeito á licenza Reconecemento-CompartirIgual 4.0 Internacional de Creative Commons. Para ver unha copia desta licencia, visite <http://creativecommons.org/licenses/by-sa/4.0/>

